



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Urbanismo

Inicio do Expediente de equidistribución da UA-3

ANUNCIO

Departamento de Urbanismo e Patrimonio

Expte.- 2021/U036/000002

Refª.: LACC/plb

Inicio do Expediente de equidistribución da UA-3

Por Decreto N° 2281/2021 de 09/08/2021 resolveuse iniciar o procedemento para a aprobación do proxecto de equidistribución para execución da urbanización do polígono de execución da UA 3 mediante o sistema de cooperación.

De acordo co artigo 267 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia publícase o inicio do expediente para o seu xeral coñecemento mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Notificarase individualmente o inicio do expediente aos titulares de dereitos afectados pola actuación proposta.

Así mesmo, estarase ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Ante a eventualidade de que poidan existir interesados descoñecidos neste procedemento, se ignore o lugar da notificación ou ben intentada a mesma non se puidera practicar, sirva o presente anuncio de notificación coa finalidade e alcance que se contemplan no artigo 44 da Lei 39/2015 de 1 e outubro de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas

Arteixo, a 18 de agosto de 2021.

D. Luís Alberto Castro Calvete

Concelleiro Delegado en materia de Urbanismo e Patrimonio

Decreto 1513/2021 do 07/06/2021.

2021/6434